

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezoito de xuño de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 13 de xuño de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- José García Vence

ANTECEDENTES

1. Don JOSÉ GARCÍA VENCE, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, solicitou con data 5 de marzo de 2018 (RE núm. 430) licenza municipal

- para EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos.
2. Achégase proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 02/03/18 e anexos de datas 28/07/22 e 27/05/24), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Gloria Bernárdez Beltrán.
 3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
 4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A ampliación de explotación de porcino proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a instalación dunha explotación avícola para unha capacidade total de 20.961 polos.
5. As instalacións proxectadas consisten na construción dunha nave para albergar polos con instalacións auxiliares para almacén, zona de control e aseo-vestiario; tamén se proxecta a construción dunha esterqueira.
6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de TRESCENTOS VINTE E CINCO MIL VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (325.025,92 €).

7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Refª catastral da parcela	36047A078004370000PL
Superficie da parcela	22.288 m ²
Uso autorizado	Explotación avícola
Superficie ocupada en planta	1.800,00 m ²

10. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
11. Por Resolución de data 22 de maio de 2018 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
12. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
13. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 26 de xuño de 2020, polo Servizo de Explotacións Agrarias

- da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don JOSÉ GARCÍA VENCE licenza municipal para EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 02/03/18 e anexos de datas 28/07/22 e 27/05/24), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Gloria Bernárdez Beltrán, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga

dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Os postes do peche perimetral proxectado deberán pintarse de cor branca.
- e) Os piares e vigas da esterqueira que resulten visibles dende o exterior deberán pintarse de cor branca.
- f) As obras deberán comezar dentro do prazo máximo de eficacia da licenza que se outorgue, conforme á súa normativa reguladora e, na súa falta, no prazo de seis meses contado desde a data de outorgamento desta licenza. En caso contrario, o proxecto deberá adaptarse ás modificacións do Código Técnico da Edificación (CTE) aprobadas polo Real Decreto 732/2019, do 20 de decembro, e polo Real Decreto 450/2022, do 14 de xuño.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SEIS MIL CINCOCENTOS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (6.500,52 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de MIL SEISCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.625,13 €).

3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMIENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DA INTERESADA

— María Cruz González Lois

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente ([REDACTED]) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de licenza municipal para a execución de obras de “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA VIVENDA UNIFAMILIAR”, no lugar de Aldea de Riba, parroquia de Riobó, instada por Don Juan Carlos Bardelás Lamas, na representación de Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Pontevedra, rexistrada con data 14 de decembro de 2018 (RE-E núm. 121), de conformidade co proxecto técnico básico redactado polo arquitecto Don Juan García Pérez.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimiento presentado pola interesada con data 11 de xuño de 2024 (RE-E núm. 331).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida a Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO EN INSTALACIÓN ACUÁTICA DESCUBERTA

Infórmase aos/ás membros integrantes da Xunta de Goberno Local da Orde do 27 de maio de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 105, do 31/05/24); e a conveniencia de solicitar dita subvención para sufragar parte dos costes laborais da contratación de dous postos de traballo de socorristas, a tempo completo, durante un período de dous meses e medio.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención económica, por importe total de OITO MIL OITOCENTOS OITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (8.808,89 €), equivalente ao 90% dos custos laborais da contratación de dous postos de traballos de socorrista para a piscina municipal de Rodeiro, a tempo completo, durante un período de dous meses e medio.

Segundo.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN “RODEIRO DE AVENTURA”

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade consistente nun campamento de verán coa denominación “*Rodeiro de aventura*”, que se desenvolverá nos meses de xullo e agosto en horario vespertino. Esta actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos durante o período non lectivo de verán, como complemento ao programa Concilia que se desenvolve polas mañás. Establécese coma unha actividade de ocio saudable e de formación en igualdade para as crianzas. Está iniciativa está subvencionada parcialmente pola Deputación Provincial, ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexerase polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o 1 de xullo ao 30 de agosto de 2024, ambos inclusive.
- ✓ O campamento dirxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive. No suposto da existencia de prazas vacantes nas quendas, poderán asemade inscribirse

menores non empadroados no Concello, respectando en todo caso a preferencia dos/as veciños/as de Rodeiro. Establécense 4 quendas diferenciadas por idades, coa seguinte organización:

- 1ª quenda entre o 1 e o 12 de xullo para crianzas con idades comprendidas entre os 6 e os 8 anos ou que os cumpran neste ano 2024.
 - 2ª quenda entre o 15 e o 31 de xullo para crianzas con idades comprendidas entre os 9 e os 11 anos ou que os cumpran neste ano 2024.
 - 3ª quenda entre o 1 e o 14 de agosto para crianzas con idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos ou que os cumpran neste ano 2024.
 - 4ª quenda entre o 19 e o 30 de agosto para crianzas con idades comprendidas entre os 3 e os 5 anos ou que os cumpran neste ano 2024.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 16:00 h. a 20:00h. nas instalacións do CPI de Rodeiro.
 - ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando a quenda na que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia ou Tardes Activas só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
 - ✓ O prazo de solicitude de inscrición no campamento de verán “Rodeiro de aventura” comeza o vindeiro día 20 de xuño e estará aberto para cada quenda ata o último día hábil previo ao comezo da mesma.
 - ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por quenda.
 - ✓ O criterio de selección de menores participantes será por orde de rexistro de entrada da solicitude de inscrición ata completar as prazas.
 - ✓ De quedar prazas libres nalgunha quenda poderán inscribirse menores que teñan unha idade superior ao rango establecido na mesma.
 - ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos/as.

6.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL INDEFINIDO

VISTA a petición formulada polo traballador laboral indefinido, coa categoría de monitor deportivo, Don Ovidio Areán Diéguez (RE núm. 956, do 14/06/24), solicitando o recoñecemento do quinto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 29 de xaneiro de 2014, 9 de decembro de 2015, 16 de maio de 2018 e 23 de abril de 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de catro trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral indefinido Don Ovidio Areán Diéguez o seu dereito a percibir o quinto trienio con data de consolidación do día 9 de abril de 2024 e con efectos económicos do día 1 de maio de 2024.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCIONES S.A. 536,90 €, 67,30 €, 135,44 € E 833,69 €

Por subministro de accesorios e produtos para os sanitarios de edificios municipais, s/facturas núm. 181329, 181459, 181460 e 181482.

- JORGE OJEA MATO 45,89 €

Indemnización por asistencia a Tribunal e/ou Comisión de Selección de persoal, s/minuta.

- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 45,89 €

Indemnización por asistencia a Tribunal e/ou Comisión de Selección de persoal, s/minuta.

- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 €

Indemnización por asistencia a Tribunal e/ou Comisión de Selección de persoal, s/minuta.

- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunal e/ou Comisión de Selección de persoal, s/minuta.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 51,33 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de maio de 2024, s/factura núm. 24ZNX0131732 (FACe).
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 91,90 € E 91,90 €
Por subministro de calzado de traballo para auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/facturas núm. A2403 e A2404.
- RODOIL S.L 77,37 € E 26,38 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de maio de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000184 e 2024/24/000185 (FACe).
- RODOIL S.L. 223,28 €, 202,99 €, 146,64 €, 43,40 €, 583,76 €, 101,76 € E 163,62 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de maio de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000186, 2024/24/000188, 2024/24/000189, 2024/24/000190, 2024/24/000191, 2024/24/000192 e 2024/24/000193 (FACe).
- SANLUX BIOTECNOLOGÍA S.L. 209,33 €
Por subministro de herbicida, s/factura núm. 191/24 (FACe).
- JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ 617,22 €
Por subministro de diverso material de ferraxería para o Concello, s/factura núm. A/24.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.059,15 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de maio de 2024, s/factura núm. FA – 1027.

- RODOIL S.L. 20,00 €
Por lavados e repostos para o camiión de recollida do lixo no mes de maio de 2024, s/factura núm. 2024/24/000187 (FACe).
- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240504 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A. 229,90 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “Sabor Labrego”, s/factura núm. 2024F0001095 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “Sabor Labrego”, s/factura núm. P24/003704 (FACe).
- VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U. 72,60 €
Por publicidade institucional do Concello na emisora Radio Voz por mor da iniciativa “Sabor Labrego”, s/factura núm. P24/000804 (FACe).
- ÓSCAR TORREIRO SOBRADO 228,69 €
Por subministro de trofeos para a iniciativa “Sabor Labrego”, s/factura núm. 13.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 110,45 €
Por subministro de pacas de palla para a iniciativa “Sabor Labrego”, s/factura núm. 33896.
- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES EGDPI 647,96 €
Por abono de dereitos de autor polo concerto de *Boyanka Kostova*, s/factura núm. 1240306352 (FACe).
- SAUDETER S.L.U. 2.032,80 €
Por animación da festa infantil organizada polo Concello co gallo do San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 24-0113 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas vinte minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)